



Concello de Viveiro

PROCESO PARA A SELECCIÓN DE UN XEFE DE BRIGADA, QUE PRESTARÁ SERVIZOS TEMPORAIS NO CONCELLO DE VIVEIRO, AO AMPARO DO CONVENIO DE COLABORACIÓN SUBSCRITO ENTRE A CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL E O CONCELLO DE VIVEIRO PARA A PARTICIPACIÓN NA PREVENCIÓN E DEFENSA CONTRA INCENDIOS FORESTAIS 2024. EXPTE.: 2301/2024.

Visto o punto 3 das bases específicas da brigada contra incendios 2024, que literalmente di: “(...)3.- **REQUISITOS DOS SOLICITANTES**

Os establecidos con carácter xeral nas bases xerais coa titulación esixida para cada posto.

Os/as aspirantes seleccionados deberán realizar previamente á súa contratación un recoñecemento médico e unha proba física de esforzo para garantir as súas condicións de saúde para o traballo a realizar.

De non superar o recoñecemento médico e a proba física de esforzo, se decretará ao aspirante decaído do seu dereito á contratación.

Os aspirantes deberán realizar un curso obrigatorio de formación sobre a prevención e defensa contra os incendios forestais, en caso de non superar dito curso o aspirante quedará decaído do seu dereito á contratación. Viveiro, á data que consta á marxe...”

Tendo en conta o resultado das probas físicas de esforzo e recoñecemento médico do aspirante que se presentou as probas físicas de esforzo, que constan no expediente.

Tendo en conta o resultado do curso obrigatorio de formación sobre a prevención e defensa contra os incendios forestais, que consta no expediente.

A) ASPIRANTE SELECCIONADO:

Tendo en conta que D. Adrián Grandal Rodríguez foi o único aspirante que superou os requisitos establecidos no punto 3 das bases específicas, segundo consta no expediente.

O Tribunal designado por Resolución de Alcaldía de data 18 de xuño de 202, acorda por unanimidade propoñer ao único aspirante seleccionado:

Nome e Apellidos
Adrián Grandal Rodríguez

B) PROPOSTA DE SELECCIÓN (Base Xeral 12)

O Tribunal, á vista da lista do aspirante seleccionado acorda, formular proposta de selección ante a Alcaldía do Concello de Viveiro a favor de **D. ADRIAN GRANDAL RODRÍGUEZ** para prestar servizos de **XEFE DE BRIGADA** no Concello de Viveiro como persoal laboral temporal sendo a modalidade de contrato de duración determinada vinculados a programas financiados con fondos europeos (Modelo 406).

C) PRESENTACIÓN DE DOCUMENTACIÓN

Concello de Viveiro

Praza Maior, 1, Viveiro. 27850 (Lugo). Tfno. 982560128. Fax: 982561147





Concello de Viveiro

O aspirante proposto deberá presentar no Rexistro Xeral do Concello de Viveiro a documentación que se sinala na Base Xeral 13 no prazo de 3 días hábiles contados a partir do día seguinte á publicación da proposta do Tribunal no Taboleiro de Anuncios Dixital do Concello de Viveiro.

Viveiro, á data que consta á marxe.

O SECRETARIO DO TRIBUNAL,

Asdo. Jose Vivero Russo

(Documento asinado dixitalmente á marxe)

A PRESIDENTE DO TRIBUNAL,

Asdo. María Luz Balsa Rábade



Concello de Viveiro

Praza Maior, 1, Viveiro. 27850 (Lugo). Tfno. 982560128. Fax: 982561147

2

